

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

12431 Orde HFP/1970/2016, do 16 de decembro, pola que se modifica o Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.

O Plan xeral de contabilidade pública (en diante, PXCP), aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, incorpora como principio contable de carácter económico-patrimonial fundamental para o rexistro das operacións o principio de devindicación, en virtude do cal as transaccións se contabilizan en función da corrente real de bens e servizos que estas representan con independencia de cando se produza a corrente monetaria.

Non obstante, a imputación orzamentaria das transaccións de adquisición de activo ou realización de gastos débese realizar cando se cumpran todos os requisitos para iso, isto é, cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se diten os correspondentes actos que determinen o recoñecemento dos gastos orzamentarios que xeran.

Tendo en conta a existencia dos dous momentos diferentes de rexistro -o económico-patrimonial e o orzamentario- dunha mesma transacción e co fin de simplificar as anotacións contables, o PXCP permite atrasar, durante o exercicio, o rexistro daquelas adquisicións de activos e gastos que se deban imputar ao orzamento de gasto, de forma que o seu recoñecemento económico patrimonial non se realice ata que non se cumpran todos os requisitos para se imputar ao orzamento.

No entanto, polo menos en 31 de decembro, se non chegan a ditarse os actos administrativos necesarios para a imputación orzamentaria das transaccións, deberanse recoñecer nas contas anuais das administracións públicas aqueles activos e gastos devindicados nesa data.

Para poder reflectir, na fin de exercicio, as adquisicións de activos ou a realización de gastos devindicados e non imputados ao orzamento, o PXCP utiliza contas específicas -gastos financeiros devindicados ou rexistro de provisións, entre outras-, xunto coas contas 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» e 411 «Acredores por periodificación de gastos orzamentarios», que constitúen o obxecto desta modificación.

As razóns fundamentais que xustifican a modificación das dúas contas anteriores son as seguintes:

A primeira delas está na necesidade de modificar a periodicidade -anual- con que actualmente se rexistran as operacións na conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» a unha periodicidade mensual, xa que os requirimentos de información económico-financeira das administracións públicas, tanto por parte das institucións españolas como europeas, tenden a efectuarse cada vez con máis frecuencia co fin de dispor de información o máis actualizada posible pois, sen dúbida, unha información actualizada ten máis calidade ca unha que non o está. Esta maior frecuencia dos requirimentos de información exige que a contabilidade das administracións públicas deba estar en condicións de subministrar, como mínimo mensualmente, información sobre as obrigas devindicadas.

A segunda razón está na heteroxeneidade que se produciu na utilización da conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» por parte das distintas administracións públicas, que provocou a necesidade de clarificar o seu contido, isto é, establecer as obrigas que se deben rexistrar a través dela, co fin de homoxeneizar a súa utilización por parte de todas as administracións públicas e facer máis comparable a información obtida dela.

Por último, considerando que o obxecto último da creación da conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», así como da conta 411 «Acredores por

periodificación de gastos orzamentarios», era o reflexo nas administracións públicas daquelas obrigas derivadas de operacións devindicadas que non se rexistrasen noutras contas específicas, non é necesario manter a súa separación, polo que, ademais de clarificar o seu contido, se procedeu a integralas nunha única conta, a nova conta 413, que pasa a denominarse «Acredores por operacións devindicadas».

A presente orde consta dun artigo e unha disposición derradeira.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación legal outorgada ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, contida no artigo 124.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, para aprobar o Plan xeral de contabilidade pública e as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, nos cales se recollerán e desenvolverán os principios contables públicos.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.*

O Plan xeral de contabilidade pública (en diante, PXCP), aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, queda modificado como segue:

Un. Na nota 23, información orzamentaria, do modelo da memoria que figura no número 2 «Modelos de contas anuais» da terceira parte do PXCP, «Contas anuais», realízanse as seguintes modificacións:

«a) Elimínase o punto 23.1.1.d) “Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento”.

b) Créase o punto 23.7 “Acredores por operacións devindicadas”, que terá o seguinte contido e modelo:

“Información sobre os acredores por operacións devindicadas en 31 de decembro non recollida noutros puntos da memoria, detallada en función da conta representativa da natureza das operacións”.

Acredores por operacións devindicadas

Conta	Importe	Observacións
Total»		

Dous. Na cuarta parte do PXCP, «Cadro de contas», realízanse as seguintes modificacións:

«a) Suprímese a conta 411 “Acredores por periodificación de gastos orzamentarios”.

b) A conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento” pasa a denominarse “Acredores por operacións devindicadas”.

Tres. Na quinta parte do PXCP, «Definicións e relacións contables», realízanse as seguintes modificacións:

a) Nos movementos da conta 400 «Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamento de gastos corrente» introdúcense as seguintes modificacións:

«1. Elimínase o punto a.5) e renuméranse os puntos a.6); a.7); a.8); a.9) e a.10), que pasan a denominarse respectivamente: a.5); a.6); a.7); a.8) e a.9).

2. O novo punto a.5) queda redactado como segue:

«a.5) A conta 413 “Acredores por operacións devindicadas”, cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obriga orzamentaria».

b) Suprímese a conta 411 «Acredores por periodificación de gastos orzamentarios».

c) A denominación, definición e relacións contables da conta 413 pasa a ser a seguinte:

«413. Acredores por operacións devindicadas.

Débedas derivadas de operacións devindicadas non recollidas noutras contas deste plan.

Figurarán no pasivo corrente do balance, na epígrafe IV “Acredores e outras contas a pagar”.

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase, no momento da devindicación da operación ou, polo menos, ao final de cada mes, con cargo a contas do grupo 6 “Compras e gastos por natureza”, ou ás contas de balance, representativas das operacións devindicadas.

b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400 “Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamento de gastos corrente”, cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obriga orzamentaria.

b.2) Á conta 5581 “Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación”, no momento da reposición do anticipo de caixa fixa, polos gastos deste recoñecidos previamente, cando a entidade opte por rexistrar de forma individualizada os pagamentos a terceiros con cargo ao anticipo.

c) Á fin do exercicio, cando a entidade opte por rexistrar os movementos nas contas de tesouraría relativas a anticipos de caixa fixa mediante regularizacións periódicas, aboarase polos gastos devindicados e non xustificadas na dita data con cargo a contas do grupo 6 “Compras e gastos por natureza” e, simultaneamente, cargarase polos gastos devindicados que se encontraban pendentes de xustificación ao finalizar o exercicio anterior, con aboamento ás contas do grupo 6 “Compras e gastos por natureza” que corresponda.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigas derivadas de gastos devindicados non recollidas noutras contas do plan.

d) Na conta 5581 “Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación”, a alínea b) do punto 1, cando a entidade rexistre de forma individualizada os pagamentos a terceiros con cargo ao anticipo de caixa fixa, terá a seguinte redacción:

«b) Aboarase, no momento da reposición do anticipo de caixa fixa, con cargo á conta representativa do gasto realizado ou á conta 413 “Acredores por operacións devindicadas”, en caso de gastos que xa se tivesen recoñecido».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017. Para estes efectos efectuaranse os oportunos axustes no asento de apertura da contabilidade nesa data, co fin de clasificar debidamente os saldos das contas afectadas.

Madrid, 16 de decembro de 2016.–O ministro de Facenda e Función Pública, Cristóbal Montoro Romero.